



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

29 de xullo de 2010

Nº 16/10

METEOROLOXÍA

A estabilidade anticiclónica durante a última semana deixounos un forte aumento das temperaturas, chegándose nalgúns zonas a superar valores de 36-38°C de máximas e medias entre 23-25°C. Ademais as humidades relativas foron baixas e non se produciron precipitacións.

Previsión: continúa o predominio da influencia anticiclónica sobre Galicia durante este período. As temperaturas continuarán en valores moi altos, con sensación de moito calor aínda que terán una tendencia a moderarse ó longo da semana.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

L - M₁ (peche de acio - comenzo do envero)

Neste momento levamos un adianto fenolóxico de 2-4 días respecto o ano pasado.



Obsérvanse síntomas de seca nalgúns parcelas, sobre todo en plantas e viñedos novos.

Prácticas culturais

Nas operacións de desfollado e desnetado hai que evitar deixar expostos os acios á acción directa do sol que con altas temperaturas produce queimaduras nas uvas. (Ver imaxe xunta)

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Oídio. (*Uncinola necator*)

Durante os últimos días apenas se observaron novos focos da enfermidade debido ao control efectuado. Pero co aumento das temperaturas medias os ciclos do fungo son de intervalos máis curtos e, polo tanto, durante os próximos días hai que vixiar e controlar a enfermidade.

Botrite (*Botrytis cinerea*)

Actualmente non se observan danos causados polo fungo, pero o estado fenolóxico actual de peche de acio - inicio do envero é o momento no que se recomenda a aplicación de antibotríxicos en variedades sensibles, especialmente en Godello, Treixadura, Dona Branca, Meranzao e Caiño tinto.

Mildeu (*Plasmopara viticola*)

Durante a última semana soamente se observa nova sintomatoloxía, con esporulación incluída, nas puntas dos brotes en viñedos vigorosos. Nas parcelas con bo agostamento esta




segue D. O. Rías Baixas



sintomatoloxía non se aprecia. Os acios non terán sensibilidade ao fungo en canto enveren.

Nesta semana producíronse temperaturas superiores aos 30°C durante varios días e durante máis de 6 horas ininterrompidamente "con creces", non observándose esgotamento do poder xerminativo das conidias, pois evidéncianse as esporulacións indicadas anteriormente, polo tanto nas nosas condicións agroclimáticas non se cumpre esta teoría de interrupción do ciclo do Mildeu.



Cepa con síntomas de Midiu

Pragas

As pragas existentes no viñado en xeral manteñense en niveis de poboación por debaixo dos umbrais de tratamento.

As trampas de monitoreo da **polilla** (*Lobesia botrana*) diminuíron as capturas a niveis moi baixos, polo tanto superouse xa o ciclo da 2ª xeración. A pesar do baixo nº adultos capturados nas trampas delta durante os últimos días da 2ª xeración do insecto, **hai algunha parcela con máis do 2% de acios picados polo insecto.** →

(Ver imaxe xunta)

O **mosquito verde** (*Empoasca vitis*) **apenas ten presenza** nas parcelas e, nas que hai poboación, esta é moi baixa.

A presenza de **ácaros** mantense en niveis similares aos da semana pasada, sendo máis importante a presenza da acariose (*Calepitrimerus vitis*) que a de araña roxa (*Panonychus ulmi*). **Polo momento non se chega os umbrais de tratamento:** araña roxa, 30% de follas con presenza, e sempre e cando o porcentaxe de follas con fitoseidos sexa menor que o da praga e a acariose, 30-60% de follas con presenza.

Recomendacións

Durante os próximos días deberase realizar o último tratamento da campaña fronte ao Oídio con algunha das materias activas recomendadas en anteriores boletíns; se se emprega o xofre as temperaturas non deben superar os 28°C e a dose debe ser a mínima que se indica no formulado.





segue D. O. Rías Baixas

Xunto co anterior tratamento pódese aplicar un fitosanitario con acción sobre o **Mildeu**: en parcelas con síntomas, empregar un penetrante con cobre e en parcelas sen sintomatoloxía é suficiente un preparado de contacto con cobre-mancoceb ou cobre-folpet.

Nos viñedos implantados con **variedades sensibles á Botrite ou con picaduras de polilla superiores ao 2% dos acios, e nos que aínda non se realizara o tratamento antibotríptico, deberán facelo a non máis tardar durante os próximos días**, pois é neste momento cando ofrecen os mellores niveis de eficacia para previr as contaminacións que poden aparecer durante a maduración. As materias activas recomendadas son: boscalida, ciprodinil, ciprodinil + fludioxinil, fenhexamid, folpet, iprodiona, mepanipirim, metil-tiofanato e pirimetanil.

Evaluar a presenza de ácaros e fauna auxiliar nos viñedos.

D. O. Ribeiro

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio). Empeza a manifestarse o estado **M1** (inicio do pintor).

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Semana sen incidencias fitosanitarias gracias á estabilidade atmosférica. Soamente rexistráronse ataques de **Mildeu** en brotes novos que foron controlados cos tratamentos preventivos que se veñen aplicando. Apenas se produciron ataques de Black-rot.

Seguen capturándose exemplares de **mosquito verde** (*Empoasca vitis*) e **polillas do acio** (*Lobesia botrana*) sen chegar ao umbral que fai aconsellable un tratamento para o seu control.

Recomendacións da semana

Débesse continuar coas labores culturais de enramado e poda en verde. En caso de renovar os tratamentos fronte a **Mildeu** e **Oídio**, recoméndase empregar cobre e xofre respectivamente. Para o Oídio propónse a aplicación de xofre en pó e, no seu defecto, xofre mollable. A aplicación de xofre en pó esixe tratar nas primeiras ou derradeiras horas do día para evitar danos por queimaduras.

D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio). Estado **M1** (inicio do pintor) nun 5% do cultivo.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Sen incidencias fitosanitarias de importancia. Ausencia de síntomas de ataques provocados por pragas.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.

D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio). Estado **M1** (inicio do pintor) nun 5% do cultivo.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas



[segue D. O. Ribeira Sacra](#)

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

En xeral, a semana foi tranquila sen incidencias salientables.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.

D. O. Monterrei

Estado fenolóxico medio

Predomina o estado **L** (peche de acio). Inicio do estado **M1** (pintor) nun 5% do cultivo, principalmente nas variedades precoces, como Caíño.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Non se produciron incidencias salientables.

Recomendacións da semana

Non se recomenda renovar o tratamento contra **Mildeu** e **Black-rot**, salvo que se detecten novos ataques nos brotes novos. Como tratamento preventivo fronte a Oídio pódese aplicar xofre en pó ou mollable evitando as horas centrais do día para que non se produzan queimaduras nos acios.



KIWI

Estado fenolóxico medio I (engrosamento do froito) ou, na escala BBCH entre 75 e 76 (o froito acada o 50-60% de peso final)*.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas e recomendacións

As elevadas temperaturas destes días están a provocar situacións puntuais de estrés hídrico en determinadas horas do día, así como unha deceleración no ritmo de crecemento dos froitos. Nesta situación é recomendable practicar regas de entre 50 e 90 litros por planta e día.

Enfermidades da madeira: coa suba das temperaturas maniféstanse con maior intensidade os síntomas relacionados con infeccións deste complexo de doenzas (necroses foliares, desecamento parcial de varas ou brazos, engrosamentos irregulares na madeira, etc.). Obsérvase un paulatino avance destas doenzas nas plantacións de kiwi dende fa anos. Este é un bo momento para programar o saneamento e/ou renovación de plantas afectadas, deixando convenientemente marcadas as plantas enfermas para proceder de xeito adecuado na época de poda.

Nalgúns casos, cando se observa que algunhas varas secan e a froita queda inservible, xa se opta por eliminalas e desinfectar os útiles de poda.



[segue KIWI](#)

Enfermidades de raíz: a campaña estase caracterizando por non aparecer ataques agresivos por infección de *Armillaria* ou *Rosellinia*. Séguese cos ensaios de control biolóxico destes patóxenos con *Trichoderma* con interesantes resultados, conseguíndose conter o avance dos síntomas en plantas adultas pero con resultados no tan bos en plantas novas en áreas afectadas.

* Seguno os traballos de Salinero, C. et al.
Información facilitada pola Asociación de Kiwicultores de Galicia.